CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presencia do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR AS POSIBLES BAIXAS , PERMISOS, E OUTROS SUPOSTOS DE AUSENCIA DO TITULAR DUNHA PRAZA DE CONDUTOR/A DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA).**

**Expte. TEDEC: 2023/X999/000106 (Bolsa de emprego).**
**Expte. TEDEC: 2024/G003/000009 (Decreto).**

Visto que o Concello da Baña conta cun condutor en réxime de persoal laboral, adscrito ó departamento de servizos sociais.

Visto que para a eficiente xestión dos recursos humanos a Alcaldía opta pola conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de condutor de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña).

Visto que as tarefas desempeñadas polo condutor resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ó Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para solventar as ausencias prolongadas do seu persoal ó non dispor este Concello de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ó servizo do mesmo.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de novembro de 2023 se aprobaron as bases e convocatoria do proceso selectivo para cubrir as posibles baixas, permisos, e outros supostos de ausencia do titular dunha praza de condutor/a da área de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña).

Visto que as bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 20 de novembro de 2023 (BOP núm. 221), iniciándose un prazo de dez días naturais para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que examinadas as solicitudes presentadas e conforme aos puntos dous, tres e catro das referidas bases, achegáronse solicitudes pendentes de documentación esixida, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhteuHQavfwJXrITm9Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

| | Solicitante | Rexistro entrada | DNI | Carné de conducir tipo B | Celga 2 ou equivalente | Título Manipulador de Alimentos | Certificado negativo Registro Central de delitos sexuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | E.G.G. DNI:****743** | 202300000001594 19/09/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 2 | S.C.C. DNI: ****036** | 202300000001606 01/12/2023 | SI | SI | NON | SI | NON |
| 3 | M.P.T. DNI: ****288** | 20230000000904 24/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 4 | F.P.C. DNI: ****650** | 202300000001584 28/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 5 | F.L.P. DNI: ****473** | 202300000001600 30/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 6 | A.O.L. DNI: ****828** | 202399900000925 01/12/2023 | SI | SI | SI | NON | SI |
| 7 | J.M.A.M. DNI: ****401** | 202300000001598 30/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |

Visto que segundo a base número 4 das bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para cubrir as posibles baixas , permisos, e outros supostos de ausencia do titular dunha praza de condutor/a da área de servizos sociais do concello da Baña (A Coruña), unha vez expirado o prazo de presentación de instancias ó que se refire o punto anterior, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal así como no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

Visto que as persoas aspirantes excluídas dispuxeron dun prazo de 10 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, nos que puideron corrixir os defectos ós que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Visto que se presentou unha solicitude de emenda da documentación inicial, corrixindo os defectos indicados na lista de aspirantes excluídos provisionais, de acordo co disposto no punto 4.2 das bases e convocatoria. Dita solicitude realizouse o 18/12/2023, con número de rexistro de entrada 202399900000961, mediante a que S.C.C., con DNI ****036**, achega certificado o negativo do Registro Central de delincuentes sexuais de non ter sido condenado por sentencia firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhteuHQavfwJXrITm9Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DA BAÑA**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que no suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

Visto que unha vez realizados os trámites anteriores, na seguinte táboa recóllense as persoas admitidas no presente proceso selectivo:

| | Solicitante | Rexistro entrada | DNI | Carné de conducir tipo B | Celga 2 ou equivalente | Título Manipulador de Alimentos | Certificado negativo Registro Central de delitos sexuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | E.G.G.<br>DNI:****743** | 202300000001594<br>19/09/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 2 | M.P.T.<br>DNI: ****288** | 20230000000904<br>24/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 3 | F.P.C.<br>DNI: ****650** | 202300000001584<br>28/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 4 | F.L.P.<br>DNI: ****473** | 202300000001600<br>30/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 5 | J.M.A.M. | 202300000001598<br>30/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 6 | S.C.C. | 202300000001606<br>01/12/2023 | SI | SI | NON non achega título CELGA ou equivalente e deberá realizarse a proba de coñecemento de lingua galega. | SI | SI |

Vista a base número 6 mediante a que se determina, entre outros, os requisitos para a composición do Tribunal Cualificador, que será nomeado por Decreto de Alcaldía. Dito Tribunal estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

• Presidenta: Luz María Vieito Día, técnica de Recursos Humanos do Concello de Santa Comba.
• Presidenta suplente: Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica-contable do Concello da Baña.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhteuHQavfwJXrITm9Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

• Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe, auxiliar administrativa do Concello da Baña.
• Secretario suplente: Vera Lucia Antelo Suárez, auxiliar administrativa do Concello da Baña.

• Vogais:
a) José Antonio Noya González, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.
b) Manuel Fernández Méndez, Coordinador de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela.
c) Marcos Pérez Lourido, técnico cultural do Concello de Negreira.

• Vogais suplentes:
a) Fernando Martínez Méndez, subalterno do Concello da Baña.
b) Carmen Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo.
c) Sonia Ponte Esturao, AEDL do Concello de Negreira.

• Asesora técnica lingüística: Carmen Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo.

Visto que a base quinta establece que o Tribunal reunirase con carácter previo á celebración do primeiro exercicio, para valorar os méritos da fase de concurso e que a resolución resultante desta valoración conterá para cada aspirante a puntuación global obtida na fase de concurso e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

Visto que a tales efectos, considérase que a constitución do tribunal se realizará o vindeiro martes 9 de xaneiro de 2024 ás 10:00 horas, na Casa do Concello da Baña ós únicos efectos da valoración de méritos. A data da fase de oposición erá lugar o vindeiro venres día 12 de xaneiro de 2024 a partires das 9:30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello da Baña.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**PRIMEIRO.-** Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

**SEGUNDO.-** Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas, nos termos da seguinte táboa:

| | Solicitante | Rexistro entrada | DNI | Carné de conducir tipo B | Celga 2 ou equivalente | Título Manipulador de Alimentos | Certificado negativo Registro Central de delitos sexuais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | E.G.G.<br>DNI:****743** | 202300000001594<br>19/09/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 2 | M.P.T.<br>DNI: ****288** | 20230000000904<br>24/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhteuHQavfwJXrITm9Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DA BAÑA**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | F.P.C.<br>DNI: ****650** | 202300000001584<br>28/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 4 | F.L.P.<br>DNI: ****473** | 202300000001600<br>30/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 5 | J.M.A.M. | 202300000001598<br>30/11/2023 | SI | SI | SI | SI | SI |
| 6 | S.C.C. | 202300000001606<br>01/12/2023 | SI | SI | NON non achega título CELGA ou equivalente e deberá realizarse a proba de coñecemento de lingua galega. | SI | SI |

**TERCEIRO.-** Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes excluídas e as causas da exclusión no proceso selectivo antes referido :

| | Solicitante | Rexistro entrada | Causas da exclusión |
|---|---|---|---|
| 2 | A.O.L.<br>DNI: ****828** | 202399900000925<br>01/12/2023 | NON ACHEGA TÍTULO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS |

**CUARTO**.- Aprobar a composición do tribunal cualificador e nomear ás seguintes persoas:

• Presidenta: Luz María Vieito Día, técnica de Recursos Humanos do Concello de Santa Comba.
• Presidenta suplente: Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica-contable do Concello da Baña.

• Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe, auxiliar administrativa do Concello da Baña.
• Secretario suplente: Vera Lucia Antelo Suárez, auxiliar administrativa do Concello da Baña.

• Vogais:
a) José Antonio Noya González, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.
b) Manuel Fernández Méndez, Coordinador de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela.
c) Marcos Pérez Lourido, técnico cultural do Concello de Negreira.

• Vogais suplentes:
a) Fernando Martínez Méndez, subalterno do Concello da Baña.
b) Carmen Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo.
c) Sonia Ponte Esturao, AEDL do Concello de Negreira.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xVhteuHQavfwJXrITm9Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DA BAÑA**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

• Asesora técnica lingüística: Carmen Pereiro Felípez, normalizadora lingüística do Concello de Carballo.

**QUINTO**.- Acordar que a constitución do Tribunal Cualificador se realizará o vindeiro martes 9 de xaneiro de 2024 ás 10:00 horas, na Casa do Concello da Baña ós únicos efectos da valoración de méritos e preparación do exame.

**SEXTO**.- Acordar que a data da fase de oposición realizarase o vindeiro venres día 12 de xaneiro de 2024 a partires das 9:30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello da Baña.

**SÉTIMO**.- Publicar a lista definitiva de admitidos/as, a composición do tribunal e a data lugar e hora da constitución do tribunal e da convocatoria para a realización das probas da fase de oposición no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

**OITAVO**.- Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asínao o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

CVD: xVhteuHQavfwJXrITm9Y
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)